

## COMUNICADO DA PLATAFORMA EN DEFENSA DO ENSINO PÚBLICO

Os ataques contra o ensino público desde a chegada ao Goberno do Partido Popular non paran de sucederse e profundarse. A política de recortes nos servizos públicos, e en concreto no ensino, está adquirindo unha cronicidade alarmante, levando consigo a diminución do profesorado, o incremento das taxas, a redución das bolsas, tanto de comedor como de libros, o aumento do alumnado por aula, a eliminación de servizos socioeducativos...

Ademais, quérese impor un anteproxecto de **Lei orgánica de mellora da calidade da educación (LOMCE) que é unha contrarreforma** en toda regra: deseña un sistema educativo **de elite e clasista**, baixo o pretexto de mellorar a calidade educativa e reducir as altas taxas de fracaso e abandono escolar temperán, e que supón unha estafa para o alumnado, para familias e para o profesorado, pois marca o retroceso a un modelo escolar trasnoitado e segregacionista.

Esta lei só pode cualificarse como **sexista**, ao permitir os concertos con centros que segregan por sexo; **clasista**, por aludir a un concepto perigoso como o de *talento* para diferenciar o alumnado; **segregadora** porque fomenta a separación temperá do alumnado en compartimentos estancos de difícil retorno ao sistema; **centralizadora**, xa que recorta as competencias das comunidades autónomas e relega a un plano secundario dentro do sistema educativo á lingua galega; **privatizadora**, pois baixo a máscara do dereito de elección abre as portas á privatización do ensino público en todas as etapas; **mercantilista**, porque se pon ao servizo da empresa buscando a creación de man de obra barata, e **autoritaria**, pois preténdese impor a toda custa sen buscar o consenso que debe acadar unha lei deste calado.

Pola contra, omítense aspectos como a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade, a atención individualizada do alumnado, a baixada de *ratios* ou de horas lectivas do profesorado, que influirían realmente nas taxas de abandono e fracaso escolar.

Ademais, estamos diante dunha lei que consolidará e dará carta de legalidade a todos os recortes que se viñeron facendo durante os últimos anos.

Este anteproxecto conta co rexeitamento de todas as organizacións sindicais, confederacións de pais e nais da escola pública e de todas as forzas políticas, agás o PP. As organizacións que formamos esta Plataforma esiximos a retirada deste anteproxecto de lei.

Non debemos esquecer que as políticas de recortes van máis aló, e que nestes momentos estase a tramitar un novo **decreto de comedores escolares** que avanza un paso máis no desmantelamento dos servizos públicos na nosa comunidade autónoma, sobre todo nestes tempos de crise económica, en que o comedor escolar é un recurso educativo de compensación das desigualdades sociais así como un medio para a conciliación familiar e laboral.



Desde a Plataforma en Defensa do Ensino Público consideramos que no actual contexto socioeconómico a prestación do servizo de comedor debe continuar vinculado ao transporte escolar; ademais, debe permitir a conciliación da vida familiar e laboral, polo que a ampliación da rede de comedores escolares públicos é un elemento fundamental.

Ante esta agresión sen precedentes, a comunidade educativa non pode permanecer impasible, e por iso a Plataforma en Defensa do Ensino Público convoca unha **xornada de folga en todo o ensino, o vindeiro 9 de maio**, xa que entendemos que se trata dunha resposta absolutamente necesaria e xustificada ante a gravidade de todos os ataques inflixidos tanto no ámbito estatal como autonómico.

Por todo isto, desde a **Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia** facemos **un chamamento aos traballadores do ensino, ao estudantado e ás familias para que nos secunden e participen en todas as accións en defensa do ensino público** que terán lugar durante os vindeiros días, e que culminarán coa **xornada de folga do 9 de maio**, actos cos que estaremos máis preto de frear esta cadea de recortes e agresións, que teñen como único obxectivo o desmantelamento do ensino público.

